

# PREMIOS AFIPRODEL 2013

## FICHA DO PROXECTO

### Datos de identificación do proxecto

<b>MODALIDADE</b> <i>Marca só unha modalidade</i>	A. Proxectos/actuacións promovidos por administración públicas	
	A. Proxectos/actuacións promovidos por entidades privadas	
	<b>A. Proxectos emprendedores/empresariais</b>	x
<b>NOME</b>	Diario dixital da Costa da Morte Quepasanacosta	
<b>ENLACES</b>	<a href="http://www.quepasanacosta.com">www.quepasanacosta.com</a>	
<b>CONCELLO</b>	Corcubión	<b>PROVINCIA</b> A Coruña
	Nome completo	Ubaldo Cerqueiro García
	Contacto	Ubaldo Cerqueiro García
<b>ENTIDADE PROMOTORA</b>	Enderezo	Rúa San Marcos 8- Baixo Esq. - 15130. Corcubión
	Tfno.:	63774893
	@	<a href="mailto:info@quepasanacosta.com">info@quepasanacosta.com</a>
	web	<a href="http://www.quepasanacosta.com">www.quepasanacosta.com</a>
	Nome e apelidos	<b>Rosa María Sánchez Martínez</b>
	Entidade á que pertence	Concello de Vimianzo
<b>AEDL</b>	Concello	Concello de Vimianzo
	@	<a href="mailto:rosa.sanchez@vimianzo.es">rosa.sanchez@vimianzo.es</a>
	Papel no proxecto	Asesora, informadora e colaboradora

### Descrición do proxecto

<b>PRESENTACIÓN</b>	Quepasanacosta é un portal dixital que centraliza na rede toda a actualidade social, política, cultural e deportiva da Costa da Morte. Trátase dunha iniciativa comunicativa que nace da man da empresa corcubionesa Galinus, Taller de Novos Medios. Galinus, no seu afán de interceder na vida diaria da Costa da Morte, creou este proxecto en xullo de 2007.
<b>XUSTIFICACIÓN</b>	Unha bisbarra a da Costa da Morte que se sitúa no último estudio do INE como a segunda zona con menor implantación da internet. Tan só o 17% das vivendas da zona contaban con conexión á internet no 2008. De aí a necesidade de promover, dende unha empresa adicada ás novas tecnoloxías, a alfabetización dixital.
<b>DESCRICIÓN</b>	O diario cobre a actualidade diaria de <b>17 concellos da Costa da Morte</b> , unha vez que Muros vense de incorporar definitivamente á listaxe. Estes son os comprendidos ente Muros e Malpica de Bergantiños, incluíndo ademais Cabana de Bergantiños, Camariñas, Carballo, Carnota, Cee, Corcubión, Dumbría, Fisterra, Laxe, Mazaricos, Muros, Muxía, Ponteceso, Vimianzo e Zas.

---

**OBXECTIVOS** QPC pretende vertebrar a Costa da Morte a través da rede. Pretende crear un novo punto de encontro, xerador de opinión, co claro obxectivo de **crear un pensamento de comunidade** e que a Costa da Morte se libere dos localismos e comece a traballar en conxunto en tódolos eidos.

O obxectivo co que se creou foi converterse no **referente en internet da información da Costa da Morte**, e servir de espazo de expresión para a xente da bisbarra que teña algo interesante que dicir, xurdindo polo tanto cunha clara vocación participativa e de servizo público.

---

**ACTUACIÓNS** Ademais da nosa actividade diaria na rede, temos participado en diferentes eventos de xeito puntual. Temos organizado dous Encontros de Colaboradores, para darlle voz ás máis de 150 persoas que colaboraran co diario. Temos artellado unha Gala relativa ao Fútbol da Costa, e temos participado en varios eventos públicos de índole cultural.

Dúas das accións máis valoradas a nivel social das que realizamos teñen nome propio: Salvacadelos e a colleita dos Horarios de Autobuses.

Salvacadelos é unha iniciativa solidaria, da man da Clínica Veterinaria Argos de Cee, que procura que non quede un só animal doméstico sen familia na zona. Así, publicamos na rede as fotos dos pequenos canciños ou gatiños orfos para atoparlles un novo fogar.

Ademais, dende o 2009, levamos xuntando nun só espazo, tanto na rede ([www.busescostadamorte.com](http://www.busescostadamorte.com)) coma nun cartel informativo físico, os horarios das 3 empresas adxudicatarias do servizo de transporte colectivo da Costa da Morte. O único lugar para enterarse dos horarios. Ademais levamos facendo un traballo de presión e concienciación polo uso do transporte público moi importante, que por agora, lamentablemente non ten resposta das administracións.

Por outra banda, seguimos traballando na redución fenda dixital con cursos de achegamento á rede por diferentes concellos da bisbarra como Muxía, Dumbría ou Ponteceso.

---

**DESCRIBIÓN**

**ESTRATEGIAS, METODOLOXÍAS** Toda a veciñanza é beneficiaria deste proxecto, aportando argumentos á xente para informarse, e para achegarse ás novas tecnoloxías

---

RESULTADOS	A implicación da Costa da Morte na internet parece que creceu enormemente nos últimos anos. O crecemento de usuarios nas redes sociais así o deixa ver, e por exemplo, contamos con máis de 13.000 siareiros, e nunha zona cunha poboación total que rondará os 100.000, é unha cifra que dá conta da nosa incidencia.
ELEMENTOS SALIENTABLES	<p>A Costa da Morte beneficiábase diariamente do traballo deste humilde portal dixital. A vocación de Servizo Público é clara na filosofía deste proxecto, e a información a golpe de clic sempre é unha mellora da calidade de vida dos veciños. O Fútbol da Costa, a Axenda Cultural, os Recunchos da Costa son outros dos puntos informativos cos que contamos.</p> <p>E o máis importante, QPC tece redes entre concellos da zona, para que un veciño de Muxía saiba que en Cee hai estas posibilidades; para que un veciño de Malpica se entere das actividades que se realizan en Carballo; para que un veciño de Dumbría poida saber que ofertas de traballo hai en Carnota.</p>
PERSPECTIVA DE FUTURO	A sostibilidade é unha das patas baixo as que nace QPC. Se nacía ao amparo da empresa Galinus, agora é Ubaldo Cerqueiro García, como autónomo, o seu promotor. A idea é consolidar unha pequena empresa e rexistar a marca nun futuro cercano, pois as posibilidades de crecemento son claras.
FINANCIACIÓN	Por agora o diario vive da publicidade. Pequenas e medianas empresas, e algunha asociación, da bisbarra apostan pola promoción en internet, e non hai un espazo máis lido na bisbarra, por clientes da bisbarra, como QPC. Os Concellos tamén colaboran co proxecto, con campañas publicidade institucional.
RECURSOS EMPREGADOS	A redacción de QPC é moi humilde. Un traballador autónomo coída o día a día do xornal. Pero a gran potencialidade que ten QPC é a participación, a colaboración. O que se coñece como Xornalismo Cidadán, que a día de hoxe xa é unha realidade na Costa da Morte. Ademais das máis de 40 firmas que asinan artigos de opinión no diario, son máis de 200 colaboradores que nos envían fotos, crónicas, anuncios...
OUTROS DATOS	Facendo bisbarra.
ENLACES RELACIONADOS	<a href="http://www.quepasanacosta.com/">www.quepasanacosta.com /</a> <a href="http://www.axendacostadamorte.com/">www.axendacostadamorte.com /</a> <a href="http://www.busescostadarmorte.com/">www.busescostadarmorte.com /</a> <a href="http://www.salvacadelos.com/">www.salvacadelos.com /</a> <a href="http://www.futboldacosta.com/">www.futboldacosta.com /</a> <a href="http://www.quepasanacosta.com/album/">www.quepasanacosta.com/album /</a> <a href="http://www.recunchosdacosta.com">www.recunchosdacosta.com</a>